

En A Coruña, a 28 de decembro de 2016

D. Manuel Fernández Munín  
Alcalde do Concello de Boqueixón  
Forte, S/N  
15881 BOQUEIXÓN

CONCELLO DE BOQUEIXÓN REXISTRO XERAL
Rexistro de Entrada
Nº. 20170000000009 03/01/2017 11:09:08

Estimado Sr. Alcalde:

Rematado o prazo de solicitude para participar no programa **"CAMPAÑA DE ESQUÍ 2017"**, prácame comunicarle que o concello que preside foi incluído nesta actividade, para a que se lle adxudican **3 PRAZAS**.

A estancia e manutención desenvolveranse en aloxamentos ubicados na estación invernal de Leitariegos. Próximamente, enviaremos carteis e trípticos con datos máis precisos da campaña.

Asímesmo, recordamos que as inscricións serán no concello, con data límite o 23/01/2017 (os concellos presentarás no Rexistro de Entrada da Deputación a listaxe dos/as nenos/as con data límite o 6/02/2017 ás 14:00 horas, adiantarán dita listaxe por correo electrónico a [gabinete.deportes@dacoruna.gal](mailto:gabinete.deportes@dacoruna.gal).

A quenda que lle corresponde ao seu concello é a 4ª QUENDA, dende o 19/03/2017 ó 24/03/2017.

As idades dos rapaces/zas participantes serán os **nados nos anos 2002, 2003, 2004, 2005 e 2006**, e aboarán **95,00 € (noventa e cinco euros) como cota de participación**; para o que lles enviaremos o número de conta onde facer o ingreso, fancendo constar no mesmo **"CAMPAÑA DE ESQUÍ 2017 – DEPUTACIÓN DA CORUÑA"**, ademáis do NOME do neno/a.

O transporte dende a comarca, tanto de ida como de volta está incluído na oferta; os puntos da comarca onde terá lugar a recollida notificarase con abonda anticipación.

**TERÁN PREFERENCIA OS/AS RAPACES/ZAS QUE NON FORAN A NINGUNHA CAMPAÑA DA NEVE DA DEPUTACIÓN.** Recórdolle que é imprescindible, no suposto de ter máis solicitudes que número de prazas concedidas pola Deputación, realizar un sorteo público ante o/a Secretario/a do concello para adxudicar as mesmas. Neste senso, solicitarase a correspondente certificación que se remitirá á Deputación xunto coa documentación dos novos participantes.

Para calquera dúbida ou aclaración que precise, non dubide en ponerse en contacto co **Gabinete de Presidencia desta Deputación, teléfono nº 981 08 06 44**; de tódolos xeitos, toda a información que se vaia engadindo á actividade incorporárase á páxina web de consulta [www.dicoruna.es/deportes/actividades](http://www.dicoruna.es/deportes/actividades).

Sen outro particular, reciba un cordial saludo.



José García Liñares  
Deputado de Deportes e Mocidade